

**PROGRAMACIÓN**

**DIDÁCTICA**

**CULTURA CLÁSICA**

**CURSO 2021 /2022**

<b>ÍNDICE</b>	<b>PÁXINA</b>
1. Introducción e contextualización.	3
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.	4
3. Obxectivos:	5
3.1 Obxectivos xerais de etapa.	5
3.2 Obxectivos específicos.	6
4. Concreción da relación dos estándares de aprendizaxe avaliados e as competencias. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliada de:	7
a. Grao mínimo de consecución.	8
b. Secuenciación e temporalización.	
c. Procedementos e instrumentos de avaliación.	14
5. Concrecións metodolóxicas.	15
6. Materiais e recursos didácticos.	16
7. Criterios de avaliación, cualificación e promoción.	16
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.	17
9. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.	18
10. Procedemento para a realización da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas segundo os resultados.	
11. Medidas de atención á diversidade.	18
12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso.	19
13. Actividades complementarias e extraescolares.	21
14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas	21

## 1. Introducción e contextualización

A materia Cultura Clásica supón o primeiro, e quizais o único, achegamento sistemático ao mundo grecorromano do que pode dispoñer o alumnado ao longo do seu proceso formativo. Integrada no currículo da Educación Secundaria Obrigatoria, compaxina o coñecemento e a comprensión do mundo clásico cunha toma de conciencia da súa presenza no mundo actual.

O estudo do mundo gracolatino nas áreas da cultura, a literatura, as artes e as ciencias, e o recoñecemento da súa transmisión e continuidade, será de grande utilidade para tomar conciencia da súa identidade.

Esta materia ten como obxectivo básico coñecer os aspectos máis relevantes das sociedades de Grecia e Roma e descubrir desde o mundo actual o fío que nos guía ata elas. A cultura grecolatina, patrimonio común e irrenunciable, é a base necesaria dunha parte moi considerable do pensamento occidental, e as formas creadas polo xenio de gregos e romanos constitúen o soporte e a esencia da nosa civilización.

Mediante a comparación constante entre a súa contorna e a diversidade dos clásicos grecorromanos o alumnado será quen de recoñecer en que medida o seu presente é froito dun rico proceso creador que transcorre ao longo de máis de trinta séculos de historia. Así mesmo, comprobará de que xeito a cultura clásica se converte na enerxía vivificadora de todo renacemento cultural, e, en particular de aquel co que se inaugura a época moderna.

O coñecemento do marco xeográfico e histórico e dos aspectos máis relevantes das sociedades grega e romana, desde as que se transmitiron modos de vida, institucións ou creacións literarias, técnicas e artísticas achegará un instrumento de referencia necesario para entender a configuración e o progreso de Europa, os antecedentes históricos da organización social, e a delimitación dos dereitos das persoas.

O estudo básico dos fundamentos das linguas grega e latina, das regras elementais de evolución fonética e da formación das palabras dota ao alumnado dos coñecementos necesarios para comezar a entender a evolución lingüística, determinar os procesos de cambio fonético e semántico e ilustrar os procedementos que actúan na formación do léxico.

A cultura que modelou o noso presente e fixa boa parte dos nosos canons estéticos é tamén transmisora de valores universais, que entroncan a nosa herdanza cultural coas raíces do mundo clásico.

O achegamento ás narracións míticas xunto coa lectura, aínda que fragmentaria, de textos da literatura clásica axudará a observar como temas e tópicos da cultura grecolatina se transmitiron ata hoxe e seguen vivos nos nosos escritos e mesmo nas expresións da lingua cotiá.

O seu carácter opcional fai necesario dotar ao ensino desta materia dunha gran flexibilidade para adecualo á realidade do alumnado.

Deste xeito no contexto socioeconómico no que nos atopamos, unha zona rural cunha forte presenza da agricultura e, sobre todo, da gandaría, O C.P.I Ponte Carreira acolle alumnado de Educación Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria. A grande maioría procede de núcleos rurais moi dispersos.

Arredor do 80 % do noso alumnado ten como lingua materna o galego, sendo esta lingua a que utiliza habitualmente, sobre todo, no rexistro informal.

No presente curso contamos cun único grupo en cada un dos niveis de Secundaria: un primeiro con cinco alumnos, un segundo con catorce, un terceiro con dez, e un cuarto con cinco alumnos. Neste curso académico tres alumnos de 3º de ESO elixiron a Cultura Clásica como materia optativa.

## 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

<b>(CCL).</b> Competencia Lingüística	As contribucións desta materia á competencia en comunicación lingüística son importantes. Por un lado a través da lectura comprensiva de textos variados, da busca e tratamento da información obtida, así como a síntese para a expresión oral e escrita. Por outro, é un instrumento inmellorable para a adquisición dun vocabulario pasivo e activo baseado nos termos que se expliquen ao longo do curso, incluídos os seus compoñentes e as regras de combinación.
<b>(CMCCT).</b> Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	Trabállase coa elaboración e interpretación de mapas, coa análise de gráficos. Tamén nas manifestacións artísticas cos coñecementos sobre o espazo, a forma, a harmonía e a proporción.
<b>(CD).</b> Competencia dixital	Está competencia está presente na forma en que os/as alumnos/as obteñen información a través das redes informáticas, aprendendo a seleccionar convenientemente os datos que son de utilidade acerca do mundo clásico. Tamén cando elaboran eles mesmos traballos ou realizan presentacións na clase.No bloque non lingüístico os propios contidos da materia fomentan a expresión a través da audiovisual dixital.
<b>(CAA).</b> Aprender a aprender	Traballárase coa procura de información guiada polo profesorado xa que o alumnado está iniciándose na selección, avaliación, comprensión e produción de información cada vez máis complexa. A perseveranza, os hábitos de estudo, a autonomía e o traballo en equipo son capacidades que poden afianzar neste apartado.
<b>(CSC).</b> Competencias sociais e cívicas	Potenciaranse coa descuberta da historia de Grecia e Roma no ámbito da política, a sociedade e a vida cotiá.
<b>(CSIEE).</b> Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	Traballárase coa planificación de proxectos en equipo, reforzando os valores democráticos, a participación e a toma de decisión responsables.
<b>(CCEC).</b> Conciencia e expresións culturais	A aproximación ás manifestacións artísticas e literarias do mundo clásico desenvolverá a conciencia e expresión culturais, xa que porá en valor o noso patrimonio cultural, arqueolóxico, nos museos e nas manifestacións máis inmateriais da cultura grecorromana, como o pensamento, as crenzas, a mitoloxía, a estética e a ética.

### 3. Obxectivos

#### 3.1. Obxectivos xerais de etapa

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que

realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### **3.2 Obxectivos específicos da materia**

O currículo básico da materia artículase en bloques temáticos pertencentes a dous ámbitos diferentes que marcan os obxectivos da materia:

3.2.1 **O ámbito lingüístico** orientado a analizar a relación de parentesco entre as linguas clásicas e un bo número das que se falan na actualidade. Concretamente:

- O estudo da orixe e evolución da familia lingüística indoeuropea, á que pertencen o latín e o grego e da que se deriva unha boa parte das linguas modernas.
- A descrición do marco histórico onde ten lugar esa evolución.
- A orixe e evolución da escritura e a súa diversidade de sistemas e alfabetos.
- O papel que o latín e o grego xogaron na configuración das linguas modernas, en especial na composición culta e na formación do léxico
- A comprensión da propia lingua e o seu uso como elemento esencial para a comunicación e a adquisición de coñecementos.

3.2.2 **O ámbito non lingüístico** que engloba o resto dos aspectos máis característicos da

cultura grecorromana, de xeito que o alumnado sexa quen de analizar e comprender os trazos comúns e distintos, valorar a herdanza clásica e respectar o patrimonio cultural da humanidade. Concretamente:

- O marco xeográfico e histórico en que se desenvolveron as civilizacións grega e romana ao longo do tempo como orixe da civilización occidental.
- O estudo das relixións grega e romana, a relixiosidade oficial, os cultos públicos e privados, as manifestacións deportivas relacionadas, as festividadeas relixiosas e os valores culturais asociados a ela.
- A mitoloxía, as narracións míticas e lendarias, o mundo dos deuses e dos heroes, e o seu mantemento na cultura contemporánea.
- As manifestacións artísticas das civilizacións grega e romana, que serviron e serven de modelo a moitas das producións actuais, a arquitectura, a escultura e as artes decorativas.
- A literatura, cuxa configuración en xéneros e o legado de temas, tópicos e recursos estilísticos que determina toda a nosa tradición literaria.
- A ciencia e o pensamento no mundo clásico e a súa transcendencia para a cultura occidental posterior.
- A vida cotiá, a organización política e social do mundo grecorromano, as clases sociais, a vida pública e privada, e os valores cívicos que se transmitiron á cultura occidental.

**4. Concreción da relación dos estándares de aprendizaxe e as competencias. Concreción para cada estándar de aprendizaxe de:**

**a. Grao mínimo de consecución**

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Secuenciación	Competencias clave
Bloque 1. Xeografía						
<ul style="list-style-type: none"> <li>• f</li> <li>• o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.1. Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Sinala sobre un mapa os puntos xeográficos da civilización grega vistos na clase.</b></li> <li>• <b>Sinala sobre un mapa puntos xeográficos e restos arqueolóxicos da civilización romana vistos na clase.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1ª Av.</li> <li>2ª Av.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCC</li> <li>• T</li> <li>• CD</li> <li>• CAA</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.2. Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB1.2.1. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións.</li> </ul>	<p>1ª Av.</p> <p>2ª Av.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> </ul>	
Bloque 2. Historia						
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico</li> </ul>	<p>1ª Av</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CMCC T</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>ao mundo helenístico.</li> <li>B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>civilizacións grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.</li> </ul>	<p>1ª Av</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CSC</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> <li>e</li> <li>g</li> <li>ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.</li> <li>B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.</li> <li>CCB2.2.2. Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.</li> <li>CCB2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.</li> <li>CCB2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Distingue ,a grandes rasgos, as etapas da historia de Grecia e os principais fitos.</li> <li>Distingue, a grandes rasgos, as etapas da historia de Roma e os principais fitos</li> </ul>	<p>1ª Av</p> <p>1ª Av</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> <li>CMCC T</li> <li>CD</li> <li>CSC</li> <li>CMCC T</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CD</li> <li>CMCC T</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.</li> </ul>	<p>1ª Av</p> <p>2ª Av</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCC T</li> <li>CD</li> <li>CSC</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>ñ</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.</li> <li>B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.</li> <li>CCB2.3.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.</li> </ul>	<p>Explica a grandes rasgos a romanización de Hispania e de Gallaecia.</p> <p>1ª Av</p> <p>1ª Av</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> <li>CCL</li> </ul>	



Bloque 3. Mitoloxía					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. O panteón grego e romano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Dá o nome grego e romano dos principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina; coñece os seus atributos e funcións.</b></li> </ul>	2ª Av <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Mitos grecolatinos. Os heroes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.</li> <li>▪ CCB3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.</li> <li>▪ CCB3.2.3. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.</li> <li>▪ CCB3.2.4. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Recoñece os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina</b></li> <li>▪ <b>Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas dos mitos traballados na aula.</b></li> </ul>	2ª Av <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul> 2ª Av <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCC T</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Relixión grega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Coñece as características da relixión grega.</b></li> </ul>	2ª Av <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCC T</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Relixión romana: culto público e privado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Coñece as características da relixión romana</b></li> </ul>	2ª Av <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCC T</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
Bloque 4. Arte					

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ I</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Fundamentos da arte clásica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.</li> <li>▪ CCB4.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas en imaxes as principais características da arte clásica</b></li> </ul>	3ª Av	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCC T</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos.			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ I</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.</li> </ul>		3ª Av	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCC T</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ I</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Coñece os períodos da escultura grega e as características das súas esculturas e as identifica en imaxes.</b></li> </ul>	3ª Av	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCC T</li> <li>▪ CD</li> </ul>
					3ª Av	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ I</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB4.4.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Coñece as grandes obras públicas romanas, a súa función e a importancia para o desenvolvemento de Roma.</b></li> </ul>	3ª Av	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCC T</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Herdanza clásica no patrimonio artístico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB4.5.1. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Coñece e sitúa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo vistos.</b></li> </ul>	3ª Av	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCC T</li> </ul>
	Bloque 5. Sociedade e vida cotiá					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Organización política en Grecia e en Roma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB5.1.1. Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Nomea e define os principais sistemas políticos de Grecia.</b></li> <li>▪ <b>Nomea e define os principais sistemas políticos de Roma, institucións e funcións.</b></li> </ul>	1ª Av	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
					1ª Av	

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB5.2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coñece os grupos que compoñen a sociedade grega e as súas características</li> <li>▪ Coñece os grupos que compoñen a sociedade romana e as súas características</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB5.2.2. Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>1ª Av</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ c</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. A familia en Grecia e Roma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>2ª Av</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB5.4.1. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>2ª Av</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCC T</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB5.4.2. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, e explica a súa influencia no progreso da cultura occidental.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>3ª Av</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCC T</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Espectáculos públicos en Grecia e Roma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Identificar as principais formas de lecer da antigüidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB5.5.1. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2ª Av</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.6. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB5.6.1. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coñece a orixe dos Xogos Olímpicos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>2ª Av</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
Bloque 6. Lingua e literatura					

▪ e	▪ B6.1. Historia da escritura. Signos e materiais.	▪ B6.1. Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguiilos e comprender as súas funcións.	▪ CCB6.1.1. Recoñece tipos de escritura, clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen.	▪ <b>Recoñece os distintos tipos de escritura e os seus rasgos.</b>	1ª Av	▪ CD ▪ CCEC ▪ CCL
▪ e	▪ B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano.	▪ B6.2. Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade.	▪ CCB6.2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental,		1ª Av	▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL
			diferenciándoos doutros tipos de escrituras, e explica a súa orixe.			
▪ f	▪ B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano.	▪ B6.3. Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	▪ CCB6.3.1. Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros.		1ª Av	▪ CD ▪ CMCC T ▪ CCEC ▪ CCL
▪ f ▪ ñ ▪ o	▪ B6.3. As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas.	▪ B6.4. Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas.	▪ CCB6.4.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco.	<b>Sitúa nun mapa as linguas indoeuropeas e non indoeuropeas de Europa</b>	1ª Av	▪ CMCC T ▪ CD ▪ CSC
			▪ CCB6.4.2. Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian do xeito máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas.		1ª Av	▪ CCL ▪ CCEC
▪ l ▪ ñ ▪ o	▪ B6.4. As linguas romances.	▪ B6.5. Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa.	▪ CCB6.5.1. Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	▪ <b>Sitúa nun mapa as linguas romances e non romances que se falan en Europa e España.</b>	1ª Av	▪ CSC ▪ CD ▪ CCL ▪ CCA
▪ h ▪ ñ ▪ o	▪ B6.5. Composición e derivación culta de orixe grega e latina.	▪ B6.6. Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	▪ CCB6.6.1. Recoñece e explica o significado de algúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.	▪ <b>Recoñece algúns helenismos e latinismos traballados.</b>	1ª 2ª 3ª	▪ CCL ▪ CCA
			▪ CCB6.6.2. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes.			▪ CCL ▪ CCA

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.6. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.7. Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.7.1. Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información.</li> </ul>	<p><b>Diferencia entre cultismos e patrimoniais en relación co termo latino.</b></p>	1ª Av	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.7.2. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual.</li> </ul>		1ª 2ª 3ª Av	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.7. Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.8. Facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.8.1. Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos derivados nas linguas romances, describindo algúns dos fenómenos fonéticos producidos e ilustrándoos con outros exemplos.</li> </ul>		▪	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.8.2. Realiza evolucións do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.</li> </ul>			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
▪ f	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.8. Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.9. Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.9.1. Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe usalos con propiedade.</li> </ul>	<p><b>Explica algúns termos de orixe grecolatina a partir da súa etimoloxía.</b></p>	1ª Av	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.9. Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.10. Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.10.1. Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento nestas de elementos léxicos morfolóxicos e sintácticos herdados das primeiras.</li> </ul>		▪	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCA</li> </ul>
▪ l	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.10. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.11. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.11.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e recoñece a súa influencia na literatura posterior.</li> </ul>		▪	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCA</li> </ul>
▪ l	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.10. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.12. Coñecer os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.12.1. Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas.</li> </ul>		3ª Av	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<b>Bloque 7. Pervivencia na actualidade</b>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B.7.1. Civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.1. Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB7.1.1. Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e noutra época mediante exemplos.</li> </ul>	<p><b>Coñece aspectos básicos da cultura grecolatina e a súa pervivencia na actualidade.</b></p>	▪	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.2. Mitoloxía e temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.2. Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB7.2.1. Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.</li> </ul>	<p><b>Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.3. Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.3. Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB7.3.1. Enumera e explica algúns exemplos concretos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico tivo na historia e as tradicións do noso país.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.4. Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.4. Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para recabar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul>	<p>1ª 2ª 3ª Av.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

## b. Secuenciación e temporalización

<b>UNIDADES DIDACTICAS 1ª AVALIACIÓN, 24 SESIÓNS, 3 SESIÓNS POR UNIDADE</b>
1. Grecia e Roma antigas: Marco cronolóxico e xeográfico. Expansión.
2. O Latín e Grego linguas indoeuropeas. O alfabeto.
3. O alfabeto. Supervivencia das linguas clásicas. Raíces gregas e latinas nas linguas europeas e na terminoloxía
4. Historia de Grecia. Épocas. O Helenismo. As guerras médicas. Atenas e Esparta.
5. Organización política e social de Grecia.
6. Historia de Roma. A fundación de Roma. A lenda. A historia. Etapas
7. Historia de Roma. A expansión. A Hispania romana.
8. A organización política e social en Roma.
<b>UNIDADES DIDACTICAS 2ª AVALIACIÓN 20 SESIÓNS 2 SESIÓNS POR UNIDADE</b>
1. A familia en Grecia e Roma. O matrimonio. Os fillos. A educación. A situación da muller.
2. A vida cotiá en Grecia: do nacemento á morte. O vestido. As vivendas.
3. A vida cotiá en Roma: do nacemento á morte. O vestido. As vivendas.
4. O lecer en Grecia.
5. O lecer en Roma. Os espectáculos públicos.
6. A relixión grega. O culto e as festas.
7. Os mitos gregos. A mitoloxía, fonte de inspiración.
8. Os deuses e os héroes gregos.
9. A relixión romana. Os cultos públicos e privados. O cristianismo A prosa en Grecia. A Historia. A filosofía.
10. A herdanza da Cultura Clásica.
<b>UNIDADES DIDACTICAS 3ª AVALIACIÓN 22 SESIÓNS 2 SESIÓNS POR UNIDADE</b>
1. A literatura grega. A poesía épica. A lírica. A dramática.
2. A prosa en Grecia. A Historia. A filosofía.
3. A literatura latina. O teatro. A poesía épica. A poesía lírica.
4. A prosa en Roma. A Historia. A oratoria. A filosofía.
5. A ciencia e a técnica en Grecia e Roma.
6. A arte grecorromana. As ordes arquitectónicas.
7. O urbanismo grecorromano. As obras públicas.
8. As artes plásticas.
9. A pervivencia da cultura clásica.

**c. Procedementos e instrumentos de avaliación**

<b>PROCEDEMENTOS</b>	<b>INSTRUMENTOS</b>
Probas específicas	Abertas
Análise das producións do alumnado	Caderno do alumnado Elaboración e exposición de traballos
Observación sistemática	Lista de control: Para as actividades mandadas para casa

No caso dun **ensino non presencial** empregaríanse:

<b>PROCEDEMENTOS</b>	<b>INSTRUMENTOS</b>
Entrega de tarefas individuais	Listaxe de entrega de tarefas e ponderación das mesmas sobre a base dunha escala do 1 ao 10
Asistencia a sesións virtuais	Lista de control de asistencia ás sesións virtuais
Participación e interese do alumnado nas sesións	Diario de anotacións de participación nas diversas actividades propostas

## 5. Concrecións metodolóxicas

Seguirase unha metodoloxía activa que promova a participación do alumnado na clase.

Dado que o punto de partida en todo proceso de ensinanza-aprendizaxe debe ser a constatación das nocións que o alumnado ten sobre o tema a tratar, o profesor/ra con cada unidade fará unhas preguntas sobre a mesma, para saber de onde temos que partir e promover a participación do alumnado.

A continuación, explicaranse de maneira clara e concisa os contidos fundamentais para facilitar a aprendizaxe por parte do alumnado. Estas explicacións irán acompañadas de esquemas no encerado, de recursos dixitais, de presentacións en *PowerPoint* e videos, segundo proceda.

Ademáis, organizaranse grupos de traballo para profundizar en algún dos contidos da materia, buscando que o alumnado organice a tarefa en grupos reducidos, traballando procedementos de lectura comprensiva, síntese, selección de contidos e imaxes, elaboración dun ppt e exposición oral dos temas. Para os traballos que deban realizar daránselle uns guións orientativos. Os traballos en grupo e a súa posta en común servirán para fomentar a cooperación e o respecto no alumnado.

Despois disto, realizaranse as actividades propostas pola profesora para afianzar os coñecementos adquiridos, e que serán corrixidas en voz alta cando todos as teñan rematado. Se non dese tempo a facer todas as actividades marcadas, terán que rematalas na casa.

O caderno será un instrumento fundamental para a consecución dos obxectivos por parte do alumnado, o que se verá reflectido tamén no seu peso como instrumento de avaliación. A corrección do caderno realizarase aleatoriamente ao longo do curso para todo o alumnado, por medio de anotacións periódicas e tamén de corrección máis individualizada, solicitando a súa entrega. Búscase así controlar o traballo diario e regular do alumnado, polo que non se admitirán demoras inxustificadas na súa entrega nin cadernos incompletos.

En cando as actividades tratarase de realizar a maior cantidade de actividades propostas no libro de texto e outras aportadas pola profesora. O libro presenta actividades onde se traballan os conceptos fundamentais de cada unidade didáctica de diferentes maneiras, como as actividades sobre textos de autores clásicos ou sobre fotografías para penetrar no contido e entender a mensaxe que pretenden transmitir; exercicios de léxico e frases latinas de uso na lingua estándar; actividades de comparación do modo de vida e xestión de gregos e romanos para deducir, mediante reflexión, a súa perdurabilidade ata hoxe. Todas estas actividades permiten ao alumnado a adquisición dos coñecementos fundamentais e a práctica de competencias básicas.



A posibilidade dun **ensino non presencial** obrigaría a un cambio na metodoloxía mediante a utilización de medios telemáticos.

Cunha periodicidade semanal enviaríanselle ao alumnado unha serie de tarefas a realizar, preferentemente a través da aula virtual do centro. Ditas tarefas terían distinto grao de dificultade a fin de poder atender á diversidade do alumnado. Para facilitar a súa realización estas actividades irían acompañadas de recursos dixitais, vídeos ou apuntamentos, segundo proceda. Poderase nalgún caso enviar individualmente as tarefas á dirección do correo electrónico facilitada por cada alumno /a. A corrección das tarefas realizarase na aula virtual ou a través do mail do alumno /a.

Realizaranse sesións virtuais semanais nas que o profesor /a fará unha primeira aproximación ao tema, aclarando os conceptos fundamentais do mesmo e explicará a metodoloxía de traballo. Noutras ocasións estas sesións servirán para reforzar os puntos débiles do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Manterase un contacto permanente coa titora de cada grupo para darlle a coñecer a evolución académica do alumnado así como para intentar que o impacto emocional que unha nova situación de confinamento puidera provocar nel sexa o menor posible. Igualmente, calquera problema que puidera xurdir cun alumno ou alumna canalizarase a través da súa titora.

No suposto en que parte dunha aula estivera confinada seguiríase unha metodoloxía semellante: tarefas na aula virtual do centro e reforzo a través de videoconferencias.

## 6. Materiais e recursos didácticos

- Libro de texto Cultura Clásica. Ed. Vicens Vives.
- Mapas de Grecia, Roma e de Europa
- Dicionarios de mitoloxía, de civilización romana, de galego e de castelán.
- O encerado, ordenador e canón para a explicación dos distintos contidos.
- Vídeos e DVDs para os aspectos culturais
- Con respecto á utilización das novas tecnoloxías:utilización de páxinas en INTERNET como Palladium, Culturaclasica.com, Culturaclasica.net, Chironweb, onde aparecen moitas actividades relacionadas cos temas que daremos.

No suposto dun proceso de **ensino non presencial** empregariáanse:

- Aula virtual do centro.
- Libro de texto e fichas de tarefas.
- Ordenador, móbil ou semellante para acceder á aula virtual ou ao correo electrónico.
- Plataforma Cisco Webex para conectarse ás sesións telemáticas, ás cales se pode acceder a

través do ordenador ou do teléfono móbil.

- Recursos dixitais.
- Vídeos.

### 7. Criterios de cualificación e promoción do alumnado.

En todas as avaliacións a cualificación será a media ponderada das cualificacións obtidas segundo as seguintes porcentaxes:

**O 60% da nota**, procederá das probas orais e escritas, onde se valoran o grao de asimilación do aprendido das unidades didácticas. Na cualificación das mesmas valorarase o dominio dos contidos, pero tamén a correcta ortografía, expresión e presentación dos mesmos.

Non se repetirá o exame a un/unha alumno/a que falte o mesmo o día sinalado sen unha causa debidamente acreditada mediante unha xustificación. Os contidos non feitos entrarán no seguinte exame. Os conceptos adquiridos estarán relacionados cos puntos desenvolvidos nos criterios de avaliación e cos graos de consecución mínimos para aprobar a materia.

**O 40% da nota** procederá do seguimento das actividades de aula (20%) e do caderno de clase completo e a súa correcta presentación (20%).

Para aprobar ao final do curso será requisito imprescindible ter aprobadas todas as avaliacións, cunha cualificación maior ou igual a cinco. A cualificación final será a media aritmética das notas obtidas en cada unha das tres avaliacións.

Na convocatoria de **xuño** o único instrumento avaliador será unha proba escrita na que entrarán todos os estándares mínimos sinalados. A nota será a obtida na proba, que en ningún caso deberá ser inferior a 4,5 puntos.

No caso dun proceso de **ensino non presencial o 100% da nota** procederá das propostas do profesor /a, incluíndose nelas tanto as tarefas a realizar polo alumnado como a súa participación nas sesións telemáticas.

Consideraranse rúbricas na corrección das exposicións orais as seguintes:



	EXCELENTE Sobresaínte (9-10)	VANZADO (Notable 7-9)	ATISFACTORIO (Ben, Suficiente: 5-7)	BÁSICO (3-5)	O  ESCASO  Suspenso (0-3)
--	---------------------------------	-----------------------	--	--------------	---------------------------------------

PRESENTACIÓN	O alumno preséntase de xeito formal e dá a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende.	O alumno preséntase de forma rápida e dá a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende.	O alumno preséntase de forma rápida e comeza a súa exposición sen mencionar o tema do que trata.	O alumno preséntase sen dicir o seu nome e menciona o tema de forma moi xeral.	Empeza a súa exposición sen facer unha presentación inicial.
EXPRESIÓN ORAL	Utiliza un vocabulario adecuado e a exposición é coherente.	O vocabulario é adecuado e a exposición é clara.	Fáltalle vocabulario e ten algún problema para expresar correctamente as súas ideas.	Manexa un vocabulario moi básico e ten problemas para transmitir con claridade as súas ideas.	Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir con claridade as súas ideas.
VOLUME DE VOZ	O seu volume de voz é adecuado, suficientemente alto como para ser escoitado desde todas as partes da aula, sen ter que berrar.	O seu volume de voz é adecuado e alto para ser escoitado por todos, aínda que, ás veces, cando dubida, baixa o volume.	Non é escoitado por toda a aula cando fala en voz alta, agás se se sente moi seguro e aumenta o seu volume de voz por uns segundos.	O seu volume de voz é medio e ten dificultades para ser escoitado por todos na aula.	O seu volume de voz é moi baixo como para ser escoitado por todos na aula.
EXPRESIVIDADE	As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal xeran un forte interese e entusiasmo sobre o tema nos outros.	Expresións faciais e linguaxe corporal que xeran en moitas ocasións interese e entusiasmo, aínda que algunhas veces se perde e non presenta toda a información.	Expresións faciais e linguaxe corporal que xeran algunhas ocasións interese e entusiasmo, aínda que moitas veces se perde e non presenta toda a información.	As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal mostran unha actitude pasiva e non xeran moito interese, pero algunhas veces, cando fala de algo que lle gusta moito, é capaz de mostrar algo de entusiasmo.	Moi pouco uso de expresións faciais ou linguaxe corporal. Non xera interese na forma de falar.
INCLUSIÓN DOS ASPECTOS RELEVANTES	Expón claramente o traballo e achega referencias aos coñecementos traballados.	Expón claramente o traballo, pero non relaciona toda a exposición cos coñecementos traballados.	Expón claramente o traballo, pero non o relaciona cos coñecementos traballados.	Ten dificultade para expoñer o traballo porque non entende os coñecementos traballados.	Non expón o traballo nin coñece os conceptos traballados necesarios para a súa realización.
EXPLICACIÓN DO PLAN DE TRABALLO	Explica cada paso con detalle, con lóxica e cronoloxicamente na orde na que o realizou.	Explica todos os pasos claramente, pero leouse un pouco coa orde.	Explica todos os pasos claramente, pero liouse na orde e foi necesario reorganizalo a través de preguntas.	Presenta dificultade á hora de diferenciar os pasos que deu e necesita axuda para explicalos con claridade.	Non identifica os pasos que deu nin é capaz de reconducir o discurso de forma guiada.

## **Actividades de recuperación e alumnos pendentes**

O alumnado avaliado negativamente nas diferentes avaliacións ao longo do curso terá exames de recuperación.

Prestarase especial atención ás faltas de ortografía, léxico e redacción. Os alumnos que presenten estes fallos deberán recuperalos, pedíndolles de novo o caderno para comprobar que estes problemas foron solucionados.

Para aqueles/as alumnos/as que na cualificación final non alcancen o 5, realizarase unha proba extraordinaria en Xuño, que abarcará todos os contidos mínimos da materia dados na clase e presentará a mesma estrutura e criterios de cualificación que as probas escritas realizadas durante o curso. A nota nestas probas será a obtida polo alumno/a.

### **8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente**

Entre os indicadores que se utilizarán podemos destacar os seguintes:

- Adapto o material ás características e necesidades do alumnado.
- Diseño distintas actividades de aprendizaxe para o logro dos obxectivos, para o fomento da cooperación e participación e a aprendizaxe autónoma.
- Uso diferentes tipos de probas para realizar a avaliación para realizar a avaliación (exames, traballos...).
- Uso diferentes tipos de materiais: novas tecnoloxías, audiovisuais,, etc.
- Emprego metodoloxías que favorecen o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumnado.
- Teño en conta as impresións que o alumnado plasmou nun cuestionario anónimo de avaliación do nivel de satisfacción da actividade docente.
- Dou a coñecer ao alumnado relativo a programación: criterios de avaliación e corrección, criterios de cualificación, metodoloxía

### **9. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes**

O alumnado que promocióne con avaliación negativa na materia recibirá do Departamento unhas preguntas dos contidos mínimos, que terá que responder e das cales se lle fará unha proba en cada avaliación. De non aprobalas haberá unha última proba en maio.

As tarefas serán corrixidas e valoradas cunha porcentaxe de un 40% da nota da avaliación. A porcentaxe restante corresponderá aos exames que se realicen en cada

avaliación. As preguntas destes exames estarán baseadas todas nas actividades propostas e realizadas polo alumnado.

Os/as alumnos/as poderán recuperar a materia por partes. Con esta finalidade, realizaranse tres parciais cuxo calendario aproximado sería: un primeiro exame a finais de Novembro; unha segunda proba en febreiro ou marzo e a convocatoria final en Maio.

A nota das avaliacións calcularase tendo en conta as tarefas entregadas polo alumno (suporá entre un 40 % da nota dependendo do número de tarefas asignadas en cada avaliación) e a porcentaxe restante corresponderá á nota do exame ou proba obxectiva realizada polo alumnado. Se algún alumno non entregara as actividades propostas será cualificado unicamente polas notas dos exames.

A profesora terá unha reunión inicial co alumnado pendente na que lles informará de todas estas cuestións.

#### **10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

Para a avaliación inicial do alumnado utilizaranse os seguintes instrumentos:

- Un pequeno cuestionario no que amose que coñecementos ten sobre a materia.
- Lectura dun texto breve con cuestións que permita comprobar tanto a comprensión lectora como a expresión escrita.

#### **11. Medidas de atención á diversidade**

Propoñémonos axustar a nosa axuda pedagóxica a cada alumno/a en concreto. Teranse moi en conta as grandes carencias de todo tipo, pero sobre todo as que teñen que ver coa capacidade para a comprensión e expresión oral e escrita e a falta de hábitos de traballo e estudo, que presentan algúns dos/as alumnos/as.

Atenderase á diversidade da seguinte maneira:

1. Utilizando un importante soporte gráfico que serve de apoio e clarificación dos contidos, a través da imaxe, os gráficos explicativos, presentacións, mapas, esquemas-resumen, etc.
2. Presentando os contidos perfectamente organizados, para que o/a alumno/a poida seguir o desenvolvemento das explicacións cunha mínima intervención do/a

profesor/ora.

3. Propoñendo actividades máis sinxelas aos alumnos que teñan dificultades para progresar no grupo e outras máis complexas para os alumnos máis avanzados.
4. Preparando ,se fose necesario, adaptacións curriculares para adaptar a práctica educativa ás características concretas dos alumnos aos que se dirixan. Tales adaptacións poderán consistir na adecuación de obxectivos, eliminación ou inclusión de determinados contidos e a conseguinte modificación dos criterios de avaliación, así como a ampliación de actividades en determinadas áreas.
5. Facendo traballos en pequenos grupos sobre os temas estudados, para favorecer a cooperación e axuda entre o alumnado.
6. O reforzo educativo realizarase, en xeral, dentro da aula pero, se fose necesario, utilizarase algún recreo para axudar aos alumnos que teñan algunha necesidade.

## **12. Elementos transversais e educación en valores.**

Seguindo o Decreto 86/2015 do 25 de xuño este departamento traballará a través dos estándares de cada materia a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional como xa quedou reflectido ao falar das competencias clave, do uso das TICs, do proxecto lector, etc... noutros puntos desta programación.

### **a. Accións de contribución ao proxecto lector.**

Todos os días faranse na clase lecturas en voz alta por parte dos alumnos e comentarios escritos ou orais das mesmas. O alumnado para subir nota, poderá ler voluntariamente para cada avaliación algún dos libros sobre temas clásicos dos que dispón a biblioteca do centro.

### **b. Accións de contribución ao plan TIC**

Intentarase que o alumno traballe a competencia dixital. En primeiro lugar a través da utilización de recursos en soporte informático para realizar actividades de consolidación e repaso. Ademais, os/as alumnos/as deben familiarizarse co uso e aproveitamento dos recursos en rede que este departamento porá á súa disposición. Isto supón o coñecemento básico do uso de, polo menos, un navegador de internet, un procesador de textos, un programa para elaborar presentacións, etc. Pero ademais o uso, acceso e aproveitamento dos múltiples recursos e información accesible a través da internet supón que os/as alumnos/as deben aprender ou consolidar os procedementos para buscar información, procesala e aproveitala.

### **13. Actividades complementarias e extraescolares**

Neste curso académico dada a situación de pandemia na que nos atopamos e os protocolos establecidos pola Consellería de Educación non se realizarán actividades extraescolares. De mellorar a situación epidemiolóxica no futuro e producirse cambios nos protocolos establecidos poderíase realizar unha viaxe a Pontevedra para visitar e participar nunha actividade no Museo e unha saída a Sobrado dos Monxes para visitar un campamento romano.

### **14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

Recollerase no caderno do profesor todo o que se vai dando en cada unha das sesións e as distintas actividades realizadas e o grao de dificultade. Ao remate de cada trimestre o Departamento indicará por escrito nas actas os contidos vistos en cada materia ata esa data, expresando claramente se se corresponden co ritmo lectivo esperado. Tamén se reflectirán os resultados obtidos nas distintas avaliacións facendo unha valoración dos mesmos, de maneira que durante o curso e sobre todo ao remate do mesmo se poidan comprobar claramente os resultados e deficiencias que poidan ter xurdido.